



Expte: 2428/2026

Asunto: Contratación AUXILIARES SAF (Dependencia)

**DECRETO**  
**DIEGO LORENZO MOURA**  
**CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E**  
**DEPORTES**

No exercicio das atribucións que me corresponden, de acordo co artigo 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, en virtude do Decreto da Alcaldía de delegación de competencias, de data 20 de xuño do 2023.

Por resolución desta concellería delegada de 31/01/2020 aprobáronse as bases xerais de contratación para o persoal laboral temporal do Concello de Verín e publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm. 34 do 11/02/2020.

Visto o informe de necesidade da contratación laboral temporal de data 13.05.2026 da traballadora social deste Concello.

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Iniciar o proceso de selección para a contratación de AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR (Dependencia) conforme aos criterios e requisitos específicos que a continuación se detalla:

**BASES ESPECÍFICAS**  
**AUXILIAR SAF (DEPENDENCIA)**

<b>POSTO: AUXILIAR AXUDA FOGAR - DEPENDENCIA -</b> A xornada laboral inclúe traballos en sábados, domingos e festivos. Poderá establecerse xornada completa / ou parcial según necesidades do servizo Tipo de contrato: Laboral temporal motivado pola necesidade urxente e inaprazable de cobertura asistencial do SAF, ante o esgotamento das listas de contratación existentes e a necesidade organizativa temporal do servizo.	
28.05.2026	Último día para presentación instancias
29.05.2026	Lista provisional admitidos e excluidos
01.06.2026	Reclamación ao listado de admitidos e excluidos
02.06.2026	Listado Definitivo
15.06.2026	Listado provisional baremación
16.06.2026	Reclamación al listado provisional baremación
18.06.2026	Lista definitiva de contratación
22.06.2026	Data probable de contratación:
<b>Retribución mensual bruta: 1.288,46 € (prorrata paga extra no incluída) (salvo erro u omisión)</b>	

**DECRETO**  
Número: 2026-0748    Data: 19/05/2026

Cod. Validación: 7FGDDL6MY9X5AHKGE3TJEWAM  
Corrección: https://verin.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4





**DOCUMENTACIÓN MÍNIMA A APORTAR** (sendo motivo de exclusión a non aportación da documentación mínima esixida.)  
A TITULACIÓN ESIXIDA NON SERÁ PUNTUABLE

Fotocopia DNI

Permiso de conducir: B

ANEXO I - Solicitud

ANEXO II – Declaración Responsable

TITULACIÓN ESIXIDA:

\* Estar en posesión dalgún dos seguintes cursos, certificados ou títulos:

1. Curso de axuda no fogar, cun mínimo de 445 horas ou Certificado de profesionalidade.
2. Curso de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio ou/en Institucións Sociais ou certificado de profesionalidade.
3. Técnico en coidados auxiliares de enfermaría, coa posterior acreditación recollida na Orde do 22 de xaneiro de 2009 polo que se regula o servizo de axuda no fogar.
4. Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente a técnico de atención sociosanitaria.
5. Calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais que os referidos anteriormente, sempre que cumpran cos requisitos establecidos e sexan válidos aos sinalados no Decreto 99/2012 do 16 de marzo.

### **8.3.A) EXPERIENCIA PROFESIONAL MÁXIMO 75 PUNTOS PUNTUACIÓN MÁXIMA A ALCANZAR (60% DE 75) = 45 PUNTOS**

A.1).- Servizos prestados, na administración local ou entidade do sector público (en réxime funcional/ laboral/ estatutario) desempeñando praza ou funcións equivalentes: **0,20 puntos por mes completo de servizos**

A.2).- Servizos desempeñados en empresa/entidade privada, en posto ou funcións equivalentes á da bolsa á que opta: **0,15 puntos por mes completo de servizos**

Para a acreditación dos devanditos méritos deberase achegar copia da seguinte documentación xustificativa:

- Certificación expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, onde conste o grupo e o posto de traballo que desempeñou, e o cómputo total de días, meses e anos traballados, xunto coa vida laboral. Poderase acreditar dita experiencia no sector público aportando os respectivos contratos xunto coa vida laboral.

- Contrato de traballo acompañados do informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social no caso de postos desempeñados no sector privado

**DECRETO**  
Número: 2026-0748 Data: 19/05/2026

Cod. Validación: 7FGDDL6MY9X5AHKGE3TJEWAM  
Corrección: <https://verin.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 2 a 4





Os servizos prestados alegados, calcularáanse según os datos finais obrantes na vida laboral.

En ambos casos non se terán en conta os períodos restantes inferiores ao mes.

### 8.3.B) FORMACIÓN ESPECÍFICA / COMPLEMENTARIA: MÁXIMO 24 PTOS PUNTUACIÓN MÁXIMA A ALCANZAR (40% DE 24) = 9,60 PUNTOS

DURACIÓN	Puntos
Cursos de duración entre 20 - 49 horas	0,10
Cursos de duración entre 50 - 99 horas	0,20
Cursos de duración entre 100 - 299 horas	0,40
Cursos de duración entre 300 - 599 horas	0,80
Cursos de duración igual o superior a 600 horas	1,50

Serán obxecto de valoración as accións de formación directamente relacionadas coas funcións e/ou competencias profesionais a desempeñar, impartidas, organizadas, recoñecidas ou homologadas por Administracións Públicas, entidades y/o organismos dependentes das mesmas, universidades, Inem así como sindicatos.

Para a acreditación desta formación deberase achegar copia do título correspondente ou certificado acreditativo expedido pola entidade/organismo organizador ou responsable da actividade formativa. Nos devanditos documentos acreditativos deberá constar a data de realización dos mesmos, a súa duración, así como o seu obxecto.

Non serán valoradas as accións formativas de menos de 20 horas, nin a asistencia a xornadas, seminarios, simposios ou similares

### 8.3.C) NIVEL DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO (MÁXIMO 1 PUNTO)

NIVEL	Puntos
CELGA I ou equivalente	0,20
CELGA II ou equivalente	0,40
CELGA III ou equivalente	0,60
CELGA IV ou equivalente	0,80
CELGA V ou equivalente	1

Para garantir o uso do galego nas relacións coa administración será valorada a posesión do Certificado de Lingua Galega (CELGA) ou titulación equivalente, sendo ésta homologada pola Xunta de Galicia (valorarase soamente o nivel de grao superior)

#### Criterios específicos:

As persoas contratadas por esta bolsa rexeranse polo convenio SAAD de Galicia. A súa xornada laboral poderá ser de luns a domingos (festivos incluídos)

DECRETO  
Número: 2026-0748 Data: 19/05/2026

Cod. Validación: 7FGDD16MY9X5AHKGE3TJEWAM  
Corrección: https://verin.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4





No caso dalgunha baixa ou renuncia, acudirase ao chamamento, por orde de puntuación, dos/as candidatos/as que non obtiveron posto, creándose unha minibolsa de contratación.

O horario será de luns a domingo (incluíndo festivos) segundo as necesidades do servizo.

No caso dalgunha baixa ou renuncia, acudirase ao chamamento, por orde de puntuación, dos/as candidatos/as que non obtiveron posto, creándose unha minibolsa de contratación.

**SEGUNDO.-** Publicar anuncio no diario La Región e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Verín (sede electrónica e física) abrindo o prazo de presentación, durante **8 días naturais**, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no diario La Región.

Este Decreto asínase a efectos de fe pública e non da legalidade pola Secretaria Interina, ao abeiro do artigo 3.2 h) RD 128/2018, de 16 de marzo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

**DECRETO**  
Número: 2026-0748 Data: 19/05/2026

Cod. Validación: 7FGDD16MY9X5AHKGE3TJEWAM  
Corrección: <https://verin.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

